

# Análise crítica das *cantigas de Alén* de José Ángel Valente

HÉITOR MERA HERBELLO

*A Uxío Otero, Carme Blanco e Claudio Rodríguez Fer,  
polos sabios consellos.*

## LIMIAR

José Ángel Valente é un poeta moi recoñecido no ámbito da literatura española pola súa poesía de altísima calidade. A súa obra en castelá, ademais de moi difundida entre as «minorías esmagadoras» de lectores de poesía, é moi prestixiada e respectada. Agora ben, quizais, se lle preguntamos a un destes lectores pola devandita poesía, o máis probable é que nos falen da súa obra en castelán. O certo é que, por cuestións puramente sociolóxicas —as literaturas periféricas non son tidas moi en conta para o resto do Estado—, a obra galega de Valente non é coñecida nin recoñecida. Esta indiferencia débese sen dúbida ó descoñecemento, dun sector moi amplo dos lectores españois, do que acontece a cinco horas en coche da capital de España. Por suposto, este recoñecemento si se dá en Galicia onde a obra de Valente si é tida en conta polos estudiosos da literatura.

Non embargantes, esta situación non se debe circunscribir exclusivamente ó poeta ourensán. A obra galega de Valente non é máis que un exemplo do que acontece coa literatura galega e coas literaturas de lingua distinta ó castelán que hai na Península. En España a penas se sabe sobre literatura catalana, vasca, portuguesa ou galega. Son contadísimas e honrosísimas as excepcións que confirman esta regra. Se ben a situación polo xeral é esta, tamén é ben certo que Manuel Rivas, Quim Monzó ou Saramago son exemplos de autores (traducidos ó castelán) que teñen certo predicamento

entre os lectores españois<sup>1</sup> e mesmo son asimilados como autores españois sen saber que o que están lendo son traducións de obras orixinarias noutras linguas.

Esta situación de indefinición afectou e afecta a moitos escritores galegos. Os lectores españois non se lle dá cumpridas explicacións de a quen están a ler e de qué contexto cultural procede esa lectura. Isto en canto ás obras galegas traducidas ó castelán. As obras galegas, catalanas e vascas nin soan, aínda que o autor destas posibles obras sexan da altura literaria, tamén en castelán, como é o caso de José Ángel Valente. Supoño que, a pesar das reticencias dalgúns sectores hipersensibilizados con non sei qué ataques inexistentes á lingua castelá, o adecuado sería busca-lo modo de que estas literaturas sexan presentadas e debidamente divulgadas ó groso da sociedade española. Este tipo de actuacións, hoxe en día absolutamente utópicas por cuestións políticas, evitaría o total descoñecemento por parte dos lectores do Estado das diversas literaturas que se dan no territorio español. Unha boa política cultural non permitiría esta desastrosa situación de total e absoluto descoñecemento das realidades culturais, lingüísticas e literarias das Españas. Ó abeiro de todo isto que levamos dito, sería bo pasar a ver un pouco polo miúdo que entendemos por literatura galega para ter en conta ónde se sitúa a obra galega de Valente, máis adiante analizada, e cómo inflúe nel á hora de crear un texto nunha lingua «nova» para el, dende o punto de vista da creación.

Logo pois, teremos por «literatura galega» aquel sistema literario en lingua galega. Esta definición de literatura galega non está, por razóns evidentes, condicionada por lindes de tipo fronteirizo por ser Galicia unha nación sen estado. Deste xeito non se pode comparar a definición que da súa literatura fagan os chilenos da que poidamos facer nós por ser a definición de «literatura chilena» unha definición dun concepto absolutamente institucionalizado. Fronte a isto os nosos lindes para poder defini-la nosa literatura están nos meramente lingüísticos aínda que habería que matizar esta cuestión.

Segundo Dolores Vilavedra<sup>2</sup> habería que ter en conta as seguintes cuestións para falar de literatura galega:

A conexión orgánica do discurso literario coa historia da colectividade que o produce.

O proceso de adopción da lingua galega como vehículo de expresión artística.

Os vencellos que o discurso literario mantén co folclore e a mitoloxía do grupo.

<sup>1</sup> Coa acepción *español* refírome ós lectores e persoas do Estado español que non pertencen ás constitucionalmente chamadas nacións históricas do Estado. É un recurso para non estar a especificar a cada tanto quen é quen.

<sup>2</sup> *Historia da literatura galega*. (1999). Dolores VILAVEDRA. Galaxia.

O proceso de consecución dunha certa estabilidade como sistema estético, e o maior ou menor dinamismo amosado nese proceso.

As súas relacións coa tradición artística autónoma e autoconsciente, que pola súa banda interaccionaría con outras semellantes.

A súa heteroxeneidade social e estética.

As crecentes e mutuas influencias que pode manter con outras literaturas.

A súa pertenza a diversos sistemas interliterarios (no noso caso, hispánico, europeo e lusófono, fundamentalmente), definidos en función de criterios de natureza territorial, etnolingüística, rexional, etc. e cun espectro relativamente estable e ben definido para cada unha das literaturas nacionais que operen no seu marco.

Estas directrices amosan, ademais dunha visión estritamente lingüística e filolóxica, un amplo marco «cultural» onde converxen diferentes aspectos do ser dun pobo. Quizais, dende un punto de vista máis universal, algunhas destas cuestións sexan un pouco restrictivas, sen embargo, son importantes en literaturas en situación minoritaria como a galega polo carácter de resistencia fronte a unha literatura máis prestixiada, por cuestións sociais, como a literatura castelá.

Temos, pois, delimitado o sistema literario co que nos enfrontamos neste estudio. Agora ben, non podemos pensar que o feito de que un creador bilingüe, como é o caso de Valente, teña unha separación tan radical á hora de escribir nunha lingua ou outra. Aínda que si hai diferencias moi marcadas non podemos esquecer que ás veces para entende-la obra en galego (ou castelán) dun autor, tamén hai que ter en conta a obra escrita na outra lingua para comprende-lo conxunto da súa obra dunha maneira moito máis global.

Así e todo, no caso de Valente veremos que hai converxencia entre a súa obra en castelán e galego, pero tamén haberá un cambio radical e ben claro na obra galega. Penso que para explicar esta diferenciación tan clara habería que ver un pouco a súa biografía persoal, o momento no que escribe a obra en galego e como poden estas variantes repercutir na poesía en galego.

Será importante ver, ó longo deste traballo, en conexión ó anteriormente dito, a situación histórica de España e máis en concreto a de Galicia a nivel político e literario para despois poder entender un pouco mellor as *Cantigas de alén*.

## CONTEXTUALIZACIÓN HISTÓRICO-LITERARIA

José Ángel Valente distínguese (e subliñamos esta última palabra) por ser un poeta de difícil clasificación dentro das xeracións poéticas ás que foi adscrito

tanto polos estudiosos da literatura galega como polos estudiosos da literatura española. O poeta e historiador da literatura galega, Xosé Luís Méndez Ferrín<sup>3</sup>, situou a José Ángel Valente dentro da chamada Xeración de Enlace da poesía de posguerra. Esta xeración –xeración ponte na dificultísima ramallada de xeracións que se dan a principios de século en Galicia– caracterízase por:

Saíren á luz a un tempo. Tanto a xeración de 1936<sup>4</sup> como a xeración de enlace<sup>5</sup> comezan a ver publicados os seus libros cando a situación cultural se ve algo máis normalizada nos anos 50.

A Promoción ou Xeración de Enlace (de agora en diante PDE), a pesar de ver os seus escritos publicados ó mesmo tempo teñen unha orixe cultural ben diferente. Mentres a promoción de 1936 comezan a súa andaina cultural antes da guerra, en pleno estado democrático e liberal, a PDE verase coutada intelectualmente por un estado fascista que non permitira achegar ós seus compoñentes a unha cultura «sa». Os dictados do réxime non lles permitira acceder con liberdade a unha literatura en galego e, nin tan sequera, a unha literatura en castelán plena de independencia.

Estes condicionamentos históricos fan que os postulados da PDE sexan moito máis febles que os dos seus antecesores e os da «Xeración das Festas Minervais» que foi a xeración que seguiu á PDE. O seu compromiso coa lingua non será tan forte e a súa literatura tenderá moito a unha literatura de tipo «costumista», tan do gusto das «forzas vivas» do momento.

Foi esta unha promoción moi condicionada pola evidente falta de liberdade para poder expresárense cun mínimo de «libre albedrío». Esta situación histórica fixo que, illados do que se estaba facendo por Europa adiante, a súa formación fose autodidacta e coaccionada polas circunstancias. Mesmo a súa etiqueta de promoción como tal esta en tea de xuízo sendo sustentada máis por cuestións de tipo biográfico que de tipo puramente literario.

É interesante isto último que acabamos de dicir porque, senón, sería absolutamente imposible poder incluír a Valente nesta xeración «semi-difusa» dentro da literatura galega. As razóns que fan que o poeta ourensán estea nesta etiqueta –con todo o odioso que estas teñen como tales– é que ó igual que os seus correligionarios naceu nos anos 20 e viuse mergullado nunhas circunstancias históricas que o marcaron dunha determinada maneira, tanto na súa obra galega como castelá, aínda que con matices en cada unha delas. De cómo influirían estas circunstancias na súa poesía falaremos máis adiante.

Ademais, hai que ter en conta a data de publicación das cantigas. Aínda que foron froito dun longo proceso ó longo de moitos anos, a primeira vez que

<sup>3</sup> De *Pondal a Novoneyra*. (1984). X. L. MÉNDEZ FERRÍN. Xerais.

<sup>4</sup> Da que foron membro poetas como Iglesia Alvaríño, Álvaro Cunqueiro, Dfaz Castro ou Celso Emilio Ferreiro.

<sup>5</sup> Ademais do poeta que nos ocupa, formarían parte desta xeración poetas como Ramón González Alegre, Faustino Rey Romero, Antonio Tovar, Luz Pozo Garza ou Neira Vilas, entre outros.

se ve publicado un feixe de poemas do poemario que estamos a estudar é no ano 1981<sup>6</sup>. Agora ben, independentemente da data de publicación, Valente vese influido, dalgunha maneira, polo contexto histórico que lle tocou vivir. Tanto é así que, pensamos que pode ser máis productivo ter en conta os diferentes aspectos históricos e sociais que marcaron a súa experiencia vital nos poemas en galego que na obra en español.

Se ó longo da obra en español nos atopamos cunha serie de poemas que mostran a un poeta pouco identificado coa súa terra, na obra en galego vemos totalmente o contrario. Isto, por suposto, non quere dicir que Valente trocase o discurso dependendo do idioma en que escribise ou ó público ó que fose dirixida a súa poesía. Pensamos que son, simplemente dous puntos de vista diferentes marcados, quizais, por unha evolución intelectual orixinaria dunha mesma experiencia vital. O desarraigo inicial que mostra o poeta con respecto á súa terra non é máis que un instrumento de autodefensa contra unha experiencia traumática. A súa adolescencia en Ourense viuse condicionada por unha guerra civil que o marcou tan fondamente que fixo inevitables as asociacións entre a terra da adolescencia e as lembranzas doorísimas do horror belicoso da senrazón. Estas experiencias, non só en Valente, senón que en todo o mundo que tivo que sufrir semellante acontecemento, lastraron ó longo da súa vida unha serie de recordos que na súa poesía de xuventude, sobre todo, se vería reflectida nun rexeitamento tácito a todo o que tivese que ver con todo aquilo. Mais, aínda que as penurias das desgracias experimentadas fan que as persoas actúen de determinada maneira perante as lembranzas anguriosas, o certo é que, aínda así, sempre queda un pouso na mente das persoas que, en absoluto é negativo. Fronte á barbarie que tivo que sufrir o poeta, e que sufriron tantos outros, hai un halo de luz no subconsciente que fai que esas lembranzas queden aparcadas e agromen outras ben distintas. Fronte á guerra e a desgracia tamén está o sentimento do propio, da orixe mesma de cadaquén. Os aspectos positivos dunha vida absolutamente abafada pola crueldade e o medo saen á luz e dan un tipo de discurso poético nas cantigas galegas que nada ten que ver cos primeiros anos de poeta en castelán. Lemos no poema «Destrucción del solitario» do poemario *A modo de esperanza* os seguintes versos:

*Durante toda la noche, [...] pensaba: «La adolescencia tiene un ojo fijo, sometido a la muerte, un ojo suicida y cruel.»*

Vese ben as claras as connotacións claras que ten a adolescencia para o poeta. A adolescencia é unha obsesión que está decote na poesía valentiniana. Este tempo é lembrado constantemente polo autor como un tempo de tebras e escuridade que non deixou ir adiante o devir normal dunha vida que deba ser o máis pracenteira e normal posible no seu lugar de acubillo. O poeta pretende,

<sup>6</sup> *Sete cantigas de alén*. Edicións do Castro. Sada. 1981.

pois, saír, escapar da adolescencia rachadora da posguerra e a maneira é, como el mesmo deixou testemuñado, a palabra.

[...]  
*Tenía entre mis manos  
 una materia oscura,  
 barro y aire mortal,  
 una materia resistente a mis manos,  
 que no podía vencer.  
 Y busqué en lo más hondo la palabra,  
 aquella que da al canto verdadera virtud.*

É a palabra, pois, a verdadeira vertebradora do escapismo ante unha obsesión que persegue ó poeta ó longo de moito tempo. Palabra liberadora que só pode liberar invocando os escuros feitos do pasado. Repulsa, xenreira, rexeitamento ante unha experiencia vivida que non pode deixar atrás e coa que se sente obrigado a convivir plasmándoa na súa poesía de liberación dos tempos idos. Sen embargo, isto non quita que a súa poesía non se vise «aldraxada» polos acontecementos históricos dun xeito alíñante. Aínda que hai pegadas evidentes da guerra civil na súa poesía, o certo é que non deixa que isto faga depender á súa poesía do devandito tema a nivel creador. A guerra civil é un motivo que aparece na poesía de Valente, pero non se impón á mesma poesía facéndoa depender do tema en cuestión. Valente deixou escrito<sup>7</sup>:

Nuestras letras de posguerra se han caracterizado, al menos en sus manifestaciones de mayor interés, por un antiformalismo más o menos polémico y por el descubrimiento de la necesidad histórica y social de ciertos temas [...] La adscripción a determinadas tendencias temáticas, por oportunas o necesarias que sean, no justifica al escritor ni garantiza la existencia de la obra literaria. No es difícil que una promoción de escritores caiga en el bache que Lukács acusaba en 1936 con respecto a ciertas manifestaciones deficitarias del realismo, en las que «la idea histórica y socialmente justa no alcanza una expresión literaria convincente».

Velaí unha das máximas máis importantes da obra de Valente: a absoluta independencia creadora.

## O ENCONTRO COA TERRA.

Mais estes sentimentos habían trocar co tempo. Aínda que o móbil sería o mesmo, o xeito de expresalo había de ser ben diferente. Nas *Cantigas de alén* o xeito de lembrar ese tempo é distinto. Fronte a angustia que perseguíu ó poeta

<sup>7</sup> *Las palabras de la tribu*. José Ángel VALENTE. 1994. Tusquets Editores.

durante moitísimo tempo aparece unha luz no fondo do túnel que nada ha ter que ver co que ata o de agora nos tiña afeitos a ler na súa poesía. As lembranzas da terra, o reencontro coa terra que o viu nacer plásmase dende unha cosmovisión na que os aspectos positivos han prevalecer sobre os negativos. Por suposto, isto non quere dicir que o poeta se esquecese de tódolos males que tivo que pasar no seu momento, non obstante, iso si, o deseño que expón sobre as súas lembranzas é radicalmente oposto. Por algunha razón, Valente sinte a necesidade de expresar uns sentimentos sobre a súa terra que, aínda que agochados no fondo do seu subconsciente, agroman para dar paso á evocación poética dunha Galicia que aparece ante el con outra perspectiva. Valente sinte a necesidade de dar forma poética a estas experiencias tanto tempo silenciadas no seu interior, pero que nunca o abandonaron ó longo da súa vida. A palabra, outra vez a palabra, será o instrumento que levará adiante o esforzo liberador de dar forma e substancia a uns sentimentos que saen do máis fondo do home.

Podemos resumir todo isto que acabamos de dicir nun esquema exemplificativo que, *grosso modo*, expón os dous posicionamentos do poeta perante unha mesma realidade pasada.

#### A GALICIA DA GUERRA

LITERATURA EN ESPAÑOL

Liberación a través da palabra.

Escapismo.



LITERATURA EN GALEGO

Liberación a través da palabra.

Reencontro coas orixes.

Dunha mesma realidade ou experiencia traumática (guerra civil) e dun mesmo obxectivo (liberación a través da palabra) saen dous sentimentos ben diferentes dependendo do contexto lingüístico e temporal. En canto ó contexto temporal a variable é o achegamento cara ó tempo da guerra. Evidentemente, canto máis próximo máis gañas de esquecerlo, de rexeitalo. En canto ó contexto lingüístico habería que relacionalo con cuestións de antropoloxía da lingua. As referencias culturais varían dependendo da lingua na que se exprese o poeta. É o rexeitamento fronte o achegamento a unha terra de seu na que quere afondar para poder explicar as vivencias que nela experimentou.

Así, o poemario está inzado de evocacións a tempos pasados onde o neno, o adolescente Valente ensínanos vivencias que volven a súa mente despois de moito tempo:

*Escoita, mai, voltei.*

*Estou no adro*

*onde aquel día o grande corpo  
de meu abó ficou.*

*Inda oio o pranto.*

*Voltei. Nunca partira.*

*Alongarme somente foi o xeito  
de ficar para sempre.*

Ou mesmo reflexiona a través da poesía sobre esa experiencia do acto de lembrar:

*Amarelece acedo o tempo  
e non hai tempo  
para máis desdecir a morte.  
Mariñeiro que levas  
a barca do pasar,  
na enxarcía a paxariña  
inda di o seu cantar.  
Escóitola alén do tempo.*

Valente recreáase neste poema evocando ós recordos nunca idos. Os recordos que por moito tempo que pase sempre estarán aí, atentos á mínima oportunidade para saír á luz e desfacer o abismo de escuridade que provocaba a súa ausencia. Para isto sérvese dun poema de Afonso X o Sabio<sup>8</sup> no que un monxe queda abraiado polo canto dun paxariño que lle absorbe a atención durante trescentos anos sen que el se dea conta do tempo transcorrido.

O tempo inmovilizado evocado neste poema é o tipo de tempo que precisa o poeta para poder arria-los seus recordos de infancia. Hai que ter en conta que o reencontro coas orixes é un reencontro místico. Valente quere conectar con todo aquilo que viviu durante a infancia, pero depurado. É dicir, se temos en conta todo o negativo que lle tocou vivir neste período, é perfectamente comprensible que o poeta intente conectar coa súa terra dunha maneira mística. Todo o que lembra é positivo, non hai nada expúreo nuns recordos que, sen esta liberación mística, poderían ser moito máis negativos. Negativos ata o punto de que as evocacións negativas se impuxeran ás positivas que son as que o poeta quere sacar adiante. Este reencontro místico coas orixes pretende facer ver a Galicia que puido ser e non foi, aínda que tivese tódolos elementos para poder chegar a ser un sitio ideal onde o poeta exiliado puidera vivir sen ter que marchar polo mundo adiante.

*De todo o que non fun  
ficou a ausencia,  
máis real que nós mesmos.*

*Coitelo da door do que non fumos,  
fondo ferir o pranto do non nado.*

*Outeiros onde vín o moucho lonxe,  
corredoiras da noite e sombra sombreida  
a dos meus eus sen mín fuxidos.*

<sup>8</sup> *Cantigas de Santa Marta*. Afonso X o Sabio. Edición crítica de Walter Mettmann. (1981) Edicións Xerais de Galicia.



*Camiño que non fixen,  
amor que non ameí e nome cego  
de mín que ardeu sen terme sido dado. [...]*

É, pois, o paraíso frustrado e de aí a necesidade imperante de chegar a el dende a relación mística. A Galicia de Valente é un mito que está nas mentes de moitos galegos, pero que, por desgracia, os sucesos acontecidos no ano 36 coutaron de maneira que só se poida mitificar por todos aqueles que lles tocou vivir aquel momento.

Este tempo inmovilizado é complemento á súa vez do espacio. O espacio que aparece nos poemas é sempre o mesmo. Non hai diferenciación dun poema a outro no espacio. De feito o espacio non aparece nomeado nos diferentes textos que compoñen o poemario. Se cadra hai algunha mención moi por riba a algún lugar concreto que é aludido case que indirectamente, pero sen embargo non hai topónimos por ningures. O espacio non é relevante nas *Cantigas de alén*, a non ser pola súa ausencia. Esta ausencia de topónimos axuda determinantemente a crear a Galicia mítica da que falamos antes. A Galicia da orixe. Ben mirado, esta presentación da nosa terra como a terra dos principios, como unha terra mítica poderíase ter moi ben como un elemento caracterizador máis das *Cantigas de alén*. Non en balde a explicación da orixe da nosa terra sempre estivo rodeada dun ar de máxico e mítico que Valente soubo aproveitar moi ben para a súa obra galega.

No poema «Sub nocte» o poeta fai un xogo antagónico que deixa ver moi ben todo o referente ó mítico e máxico que vimos dicindo:

*Remexede nas cinzas do crepúsculo.  
Si nelas atopárades  
O sol, será como unha vella  
Moeda esverdeada do ferruxe.  
Limpádeo.  
Brilará  
Na morna luz do esquecemento.[...]*

Nestes versos o poeta fala de remexer nas cinzas do crepúsculo para alí atopar o sol. Se nos cinguimos ás connotacións simbólicas de cinza e crepúsculo poderíamos pensar que se refire a aspectos negativos dos que habería que fuxir como elementos destructores dunha lembranza vital. Mais haberemos de ter en conta que esta *contraposición* entre «gris», «crepúsculo» e «sol» non son excluíntes, senón todo o contrario, son complementarias. Témo-la clave no verbo inicial. Co imperativo «Remexede» indícanos que debemos mesturarnos nesas cinzas do crepúsculo para buscar ese sol símbolo de luz e de liberdade. Se nunha primeira lectura esta aparente *contraposición* entre os devanditos conceptos nos podería levar a unha interpretación dos mesmos na que se presentarían como antagónicos, o certo é que nada máis lonxe diso. O crepúsculo, o gris forma parte da idiosincrasia desa paisaxe que quere evoca-lo

poeta. Se queremos atoparnos coa luz liberadora, transformadora do sol temos que ter na nosa mente e no noso corazón ese gris característico do que nos arrodea no país mítico que se quere evocar. Ese gris, lonxe de te-las connotacións negativas que dixemos que podería suscitar, o que connota é o gris máxico e morriñento dunha terra que non se entende sen esa cor especial que a caracteriza e diferencia do resto. Di máis tarde o poeta:

*Tendede a mau, téndedea,  
tendede a mau co sol,  
inda que nadie vexa o sol,  
para que fique así o sol  
semeado na noite.*

Desvélase nestes versos finais do poema unha dependencia total dese sol fronte ás cores escuras da noite. Podemos ter en conta ese sol todo o que queiramos, pero sempre dependerá da escuridade, do realmente característico da terra nosa.

Sen dúbida, ó meu modo de ver, esta homenaxe ás cores escuras e características da Galicia mítica –e non mítica– ten moito que ver coas súas vivencias de infancia e xuventude en Ourense. Por aqueles tempos a luz eléctrica mesmo escaseaba nunha terra moi subdesenvolvida. Había o costume de xuntarse as familias ó carón da lareira, á quenturiña do lume para escoitalas historias e contos dos avós ou dos maiores. Era o ámbito perfecto para evocar ese ambiente máxico e popular que tiña este tipo de encontros. Valente de seguro que gozou deste tipo de xuntanzas na súa xuventude e o ar místico e máxico que nelas se sentía plásmo, creo eu, o poeta nas cores e mesmo nos cheiros deste poema. Non fai falta que diga nada explicitamente. Apálpase<sup>9</sup>.

## A POÉTICA DE VALENTE

Hai na poesía de Valente unhas relacións «non formais» que conforman, aínda que pareza contradictorio, a substancia última da poética do ourensán. Para empezar deberamos ter en conta que é o que significa para o autor de *Cantigas de alén* a poesía, ou mellor dito, cál é a función principal da poesía. Segundo el mesmo nos amosa en *Las palabras de la tribu* a poesía é «...un medio de conocimiento de la realidad» fronte ó que moitos consideran que a

<sup>9</sup> Neste poema non concordo plenamente co que di a doutora Carne Blanco. («Lugar alén. Unha vereza na que escoitar as *Cántigas* de Valente». Moenia. Revista Lucense de Lingüística e Literatura. Vol.6, 2000.) Nesta publicación a doutora Blanco fai unha interpretación de contraposición –tal e como dixemos máis arriba– entre a «escuridade asombrante á luz que asombra». Aínda que non considero esta interpretación en absoluto desbotable, o certo é que non a comparto de todo polo arriba dito. Agora ben, se cadra as dúas lecturas poderían ser complementarias sempre e cando non se teña o «crepúsculo cincento» como algo «asombrante» tal e como define a profesora luguesa.

función primordial da poesía é a puramente comunicativa. É ben interesante a presentación que fai Valente sobre a función que debe ter a poesía. Cámbianse as tornas e, se nun principio a poesía puidera ser considerada como un simple elemento comunicador onde o emisor e o receptor son os elementos clave do proceso, na perspectiva de Valente o emisor seguiría sendo fundamental, pero coa novidade de que ese mesmo emisor sería o receptor máis importante dende o punto de vista do coñecemento. O poeta crea para coñecer mellor unha realidade, párase para desentraña-los segredos últimos dunhas experiencias que se ven mergulladas nese afán de coñecemento, nas fonduras mesmas da mística como medio de coñecemento ó que non pode chega-la ciencia. Agora ben, aínda que o poeta é, en parte o gran beneficiado desta maneira de comprende-las cousas, os posibles receptores, dependendo do grado de «horizonte hermenéutico» do que gocen, tenderán a verse tamén impregnados por ese coñecemento ó que chega o poeta. O poeta escribe para todo o mundo e non escribe para ninguén.

Neste proceso de creación poética «lo único dado es la experiencia en su particular unicidad. El poeta no opera sobre un conocimiento previo del material de la experiencia, sino que ese conocimiento se produce en el mismo proceso creador y es, a mi modo de ver, el elemento en que consiste primariamente lo que llamamos creación poética». Valente *dixit*.

É por iso que Valente actúa sobre o «material da súa experiencia» nas *Cantigas de alén* conformando unha cosmovisión dese material que non lle vén dado. A experiencia evoca sentimentos que o poeta vai desenvolvendo de xeito reflexivo ata transformar esa experiencia en coñecemento. Ou mellor dito, o poeta cae na conta de aspectos dunha experiencia aportados polo propio proceso creador.

*E olla meu amigo.  
Agora  
perante nós  
o nada xurde derradeiro  
coma toda orixe.  
Olla no baleiro do ver.*

Mirada constante, busca da nada, do que é esencial cara a un punto cero onde as palabras dean a explicación definitiva a unha dúbida que o abafa e que intenta por tódolos medios comprender.

Pero, por riba de todo o que o poeta quere entender, ó que quere retomar ademais das angueiras poéticas que o marcaron ó longo da súa vida, é a poética galega. As formas, estruturas e motivos líricos de raíz galaica son constantes na poesía de Valente que quere esculcar por riba de todo as súas orixes e a idiosincrasia última da súa terra. E aquí válese, como xa vimos dicindo encol outras cuestións ó longo do traballo, da mística como elemento á man da poesía. Usa as formas galaicas e o saber popular nas súas cantigas para busca-lo coñecemento dende unha perspectiva que só a poesía lle pode achegar. O

coñecemento místico a través da poesía da Ítaca perdida e reencontrada, a Ítaca que só pode definir e explicar dende o alén como distancia precisa nunha linguaxe poética abocada á reflexión como única maneira ou vía de achegamento ás respostas non sempre satisfeitas. Lemos:

*Acorda no serán.  
Nós fomos  
un modesto fenómeno no antano.  
Déitase o vento agora, irmán.  
Non sei si fomos.  
Pois así  
fiquemos esquecidos  
de nós, valeiros xa  
ó fin de nós,  
para que sexa iste para nós  
o soio tempo da verdade.*

Pero, o xeito de chegar a este coñecemento non só é intrapoético, senón que tamén é formal. Nas cantigas aparecen textos que están feitos ó modo cancioneril nunha mostra de cómo Valente quería achegarse ás orixes tamén dende un punto de vista máis formal. Tamén estivo na mente do poeta a literatura de tipo popular e a literatura feita polo Xeración Nós<sup>10</sup> e o movemento de vangarda galega liderado por Manuel Antonio<sup>11</sup>. Veremos a continuación exemplos deste tipo de poemas contidos nas *Cantigas de alén* que, aínda que merezan unha mención especial, non varían substancialmente no fondo o que levamos dito ata o de agora:

*Ó Santo Andrés do Lonxe  
hei de ir.  
Polo ar da transparencia  
hei de ir.  
Nas follas que o vento puxa  
fun e volvíñ.  
Ó Santo Andrés do Lonxe  
hei de ir.  
A pomba e máis o loureiro  
viciño do mar os vin;  
Paxariña que outo voas,  
lévame alí.  
Do fondo do mar viñeches*

<sup>10</sup> A Xeración Nós foi a composta por Vicente Risco, Castelao, Otero Pedrayo ou Cuevillas, entre outros que foron os artífices dun pulo anovador de modernidade á literatura galega polos anos vinte e trinta do pasado século.

<sup>11</sup> En Galicia literatura de vangarda non se deu con moito predicamento. O encargado de dar a coñecer este tipo de movementos en Galicia foi Vicente Risco aproveitando o sen coñecemento das literaturas europeas. O único escritor galego que podemos considerar como plenamente vangardista en Galicia é Manuel Antonio.

*feito de miga de pan,  
A rosa de amor traías  
acesa na túa man.  
Viñas polo mar do fondo  
e polo ceo de enriba;  
viñas axiña e dispacio,  
non chegabas, pero viñas.  
Hei de ir.  
Por amor e por amigo.*

Aínda que o contido esta na liña xa predeterminada de busca do coñecemento «polo ar da transparencia» neste poema vese como Valente xoga coas formas medievais para construílo poema. Utiliza ademais das formas certos motivos propios das cantigas medievais como poden se-lo vento a auga e o punto de reunión dos dous amantes (Santo Andrés do lonxe). Sen embargo, o poeta sérvese dunha ambigüidade que aclara o final do poema, no último verso. Se as cantigas de amor e de amigo se diferencian por algo é polo «eu» poético. Se a que canta o seu amigo é unha muller estaremos ante unha cantiga de Amigo. Se o que canta á súa «Senhor» é un home, estaremos ante unha cantiga de Amor. O sexo do que canta é definidor do tipo de cantiga que estamos a ler ou escoitar. Vexamos o que pon a «Arte de Trovar» da Biblioteca Nacional de Lisboa:

### *Capítulo III.*

*E porque algunas cantigas i ha en que falan eles e elas outrossí, por én é ben de enterderdes se son d'amor, se d'amigo: porque sabede que, se eles falan na prima cobra e elas na outra, é d'amor, porque se moven a razón dele, como vos ante dissemos; e se elas falan na primeira cobra é outrossí d'amigo; e se ambos falan en ua cobra, outrossí é segundo qual deles fala na cobra primeiro.*

O poeta mantén a ambigüidade de se o seu poema é de Amigo ou de Amor ata o final cando espeta o verso integrador dos dous xéneros líricos: «Por amor e por amigo».

Valente quere xuntar no mesmo poema as dúas maneiras de trovar. A estrutura formal permítello porque tanto as cantigas de amigo como as de amor sérvense do mesmo tipo de recursos formais. E na cantiga que nos ocupa vemos que utiliza dous tipos de cobras: de refrán e de mestría. As cobras de refrán son as catro primeiras co refrán «Hei de ir». E as tres restantes son de mestría. Habería que dicir que o refrán das primeiras cobras aparece na última como verso da mesma. Considerarémolo licencia do autor. Aínda que os dous tipos de cobras aquí vistas aparecen nos dous xéneros líricos, o certo é que as cobras de refrán aparecen máis nas cantigas de Amor fronte as de mestría que adoitan verse máis nas de Amigo. Como curiosidade dicir que dentro das cantigas de amigo hai unha serie de cantigas chamadas de «Romaxe», como o título, e este tipo de cantigas son propias en exclusiva das cantigas de amigo. As cantigas de Romaxe caracterízanse, *grosso modo*, por estar situadas nunha ermida na que quedan os dous namorados e, ou a muller é plantada polo seu

amigo, ou informase alí dunha desgracia que lle aconteceu e que lle impide acudir á cita.

Valente xunta todas estas características das cantigas medievas galegas de tipo amoroso e complementaas co que sería a súa «expresión poética». Quere chegar a un lugar co nome, significativo, de San Andrés do Lonxe. Para ir alí pensa que ten que recorrer a diferentes elementos da natureza –tan presentes nas cantigas de amigo, sobre todo– e para facelo arredéase dun ar de misticismo envolvente a tódolos elementos naturais alí presentes: o ar, o vento, a auga, as follas das árbores... que se farán imprescindibles para poder chegar a ese San Andrés do Lonxe, obxectivo último da súa andaina.

Pero, non só se vale das formas medievas para representar unha realidade e uns sentimentos propios do seu hábitat primixenio. A literatura popular e a mención a diferentes poetas da poesía galega moderna sérvenlle a Valente para conformar esa visión que ten do pasado (e do presente), no que atinxe á súa terra, e ó tempo case que fai unha pequena homenaxe a tódalas épocas e tendencias da poesía galega. O feito de que concorran ó longo do poemario a *poesía medieval, popular, de vangarda ou dos clásicos (Rosalía) sérvelle ó autor para facer un percorrido –non sei se consciente ou inconsciente– por toda a poesía galega sendo a propia poesía de Valente a mellor representación do que daríamos en chamar «poesía moderna».*

«Dicer de tódalas augas» podería ser un bo exemplo de literatura popular amoldada ós desexos artísticos do poeta. Neste poema xunta as características formais e estéticas da poesía popular (versos octosílabos, repeticións, etc.) co tema autobiográfico, co tema da contextualización do «eu» poético no seu «hábitat»: o monte, o río, a auga...

*Da beiramar fuxín,  
subín ó monte.  
hoxe dícenme as augas:  
— Mañán é onte.*

Ademais, vemos a lembranza continua do pasado que tan presente ten Valente e do que non se quere arredar.

Rosalía, Manuel Antonio ou a Xeración Nós tamén están representados na poesía das cantigas:

*Acorda no serán.  
Nós fomos  
un modesto fenómeno no antano.  
Déitase o vento agora, irmán.  
Non sei si fomos.  
Pois así  
fiquemos esquecidos  
de nós, valeiros xa  
ó fin de nós,*

*para que sexa iste para nós  
o soio tempo da verdade.*

Se o comparamos cos versos de Manuel Antonio vemos que as coincidencias son evidentes:

*Fomos ficando sós  
O mar o barco e mais nós.*

A soidade como elemento complementario á lembranza das vivencias requiridas. Por un lado a soidade da travesía no barco no poema de Manuel Antonio e por outro a lembranza dun tempo pasado do cal se dubida da súa mesma existencia, no poema de Valente.

En definitiva hai unha serie de mencións ó longo do poemario que, como xa dixemos se amoldan á poética de Valente facendo unha serie de homenaxes ós autores nativos do país de alén.

## A LINGUA

Dinos Claudio Rodríguez Fer<sup>12</sup> sobre a elección lingüística de Valente:

*Nun autor coa autenticidade creativa de Valente, a elección lingüística non é resultado dunha decisión extrapoética, senón dunha pulsión espontánea derivada de demandas externas ou internas que provocan que sexa a lingua quen elixa ao poeta máis que o proceso inverso. O propio cultivo da lingua galega é, pois, acontecer e consecuencia a un tempo dunha correlación de feitos biográficos.*

*En efecto, tras abandonar o galego como lingua poética dende que marchou de Galicia, xa na xuventude, Valente reencontrouse con aquél cando foi invitado pola asociación emigrante A Nosa Galiza de Xenebra, a disertar sobre as Cántigas de Alfonso X o Sabio, concretamente con motivo do Día das Letras Galegas de 1980.*

*A inmersión na lírica alfonsí espertou no poeta lembranzas biográficas e resonancias literarias que de maneira natural só podían materializarse en galego, tal como se aprecia na súa primeira serie de cántigas. E a estas seguiron outras dúas seccións igualmente derivadas da ensamblaxe de novas experiencias galaicas [...]*

Explica ben ás claras o doutor Rodríguez Fer a relación que se establece entre Valente e a lingua. O poeta precisa dese instrumento que é a lingua galega para poder expresa-las vivencias e lembranzas que tiña da súa experiencia vital galega.

<sup>12</sup> Introducción ás *Cantigas de alén*. José Ángel VALENTE. Consorcio de Santiago.

Nun poeta como Valente onde a palabra é tan importante dende un punto de vista creador (non digo que para o resto dos creadores non sexa importante a palabra), onde a palabra é o referente máximo na busca da orixe, dese punto cero tan insistentemente buscado, non é casualidade esta adopción da lingua vernácula como elemento fundamental de expresión. As diferentes linguas teñen un substrato cultural que fan que determinados conceptos só sexan expresables e entendibles a través da lingua desa determinada cultura. Valente ten moitas cousas sobre as que reflexionar arredor das cuestións puramente culturais antropolóxicas da súa terra e para isto fai uso da lingua galega. Tendo isto ben claro –e máis lendo o que o doutor Rodríguez Fer escribiu ó respecto– a nós gustaríanos facer unha serie de reflexións lingüísticas que nos parecen interesantes e que, incluso, poden reforzar o que, ata o de agora, levamos dito sobre a lingua en Valente.

Para as persoas galego-falantes a lingua que emprega Valente non sería moi difícil de situar. Hai unha serie de trazos dialectais ó longo do poema que nos indican que o poeta é da zona oriental do país (Lugo-Ourense). Estes trazos dialectais na escrita –nun momento no que a norma ortográfica e morfolóxica do galego xa estaba aprobada e difundida cando menos para os escritores– amosan a vontade do creador de recrear o pasado dende tódolos puntos de vista posibles. É por iso que dicimos que un poeta como Valente no que a palabra é tan importante non pode deixar de empregar as características propias da zona que o viu medrar. Esta actitude con respecto a lingua pódese poñer ó nivel das diferentes formas poéticas que utilizou ó longo do poemario e que xa vimos. É unha volta ás orixes con tódalas consecuencias. Nun momento no que os poetas e escritores galegos aproveitan as normas ortográficas como elemento de cohesión escrita, que non lingüística, para todo o país, Valente decide seguir o seu propio camiño tamén neste eido, aínda que non fose o único.

No poemario atopamos unha serie de trazos dialectais propios da zona de Ourense que nos mostra a intención do poeta de representa-la fala viva da súa zona, da súa infancia, a fala que el mesmo mamou.

Atopámonos na caracterización desta fala aspectos fonéticos e léxicos que distinguen de onde é o autor. De seguido contrapoñemos as palabras con trazos dialectais fronte ás que serían de uso normativo:

A nivel léxico e morfolóxico atopámonos con palabras como as seguintes:

decir vs. dicir	mau vs. man
voltei vs. volvín	nadie vs. ninguén
até vs. ata	nacións vs. nación
algús vs. algúns	ouvín vs. oín

No plano fonético atopamos plasmados diferentes trazos característicos da fala de Valente:

O –i– antihiático: soio vs. só; á ialba vs. á alba; seios vs. seos  
 Pronunciación do e copulativo como semivocal (iode): I é tarde vs. E é tarde  
 Apócope final: Señardá vs. Señardade.



Non pretendemos facer unha descrición polo miúdo das diferentes características lingüísticas nas *Cantigas de alén*, pero pola contra o que si pretendemos é dar unha idea do que queremos expoñer cando dicimos que Valente ten moi en conta tódolos aspectos referentes a unha poesía de nós exposta por el dende unha perspectiva de distancia e melancolía. A caracterización da lingua móstranos unhas reminiscencias do galego que Valente lembra da súa infancia, é unha volta ás orixes dende o punto de vista lingüístico.

## CONCLUSIÓN

Lendo todo o que levamos dito neste traballo decatámonos que na poesía en lingua galega de Valente xúntanse unha serie de elementos que o que fan non é máis que cubrir unha necesidade. Unha necesidade de volver a un mundo arrebatado e que o poeta quere retomar dende a palabra e recrealo expoñendo todo o que ese mundo ten de seu. Esa necesidade só se pode disipar coa liberación a través da palabra e a propia palabra é o instrumento fundamental, non xa de comunicación, senón que, de reflexión e de comprensión dunha realidade que o poeta pretende facer súa con tódalas consecuencias. Non é que esa realidade (a realidade da infancia na terra) non fose súa, pero, non obstante o labor poético do creador precisa volver a tocalo, para reflexionar sobre el. Este proceso poético é un proceso complexo —en contra do que algúns puidesen pensar por ser en galego— e non ten nada que envexar á produción poética en español. Á súa vez, unha vez máis, o poeta demostra a súa independencia creadora fuxindo dos estereotipos dominantes na súa época. Atopámonos, pois, cun poeta que, aínda que poida gustar máis ou menos, ou poida ser mellor ou peor entendido, aporta un constructo poético propio e independente ademais de moi enriquecedor.

## BIBLIOGRAFÍA

- VALENTE, José Ángel (1996): *Cantigas de alén*. Consorcio de Santiago.
- (1980): *Punto cero*. Seix-Barral.
- «Lugar alén. Unha verea na que escoitar as Cántigas de Valente.» *Moenia. Revista Lucense de Lingüística e Literatura*. Vol 6, 2000.
- LÓPEZ CASTRO, Armando (1992): *Lectura de José Ángel Valente*. Universidad de León/Universidade de Santiago de Compostela.
- JIMÉNEZ HEFFERMAN, Julián (1998): *La palabra emplazada. Meditación y contemplación de Herbert a Valente*. Servicio de publicaciones de la UCO, Córdoba.

- VALENTE, José Ángel (1985): *Entrada en materia*. Madrid: Cátedra.
- (1994): *Las palabras de la tribu*. Barcelona: Tusquets.
- (1995): *El fin de la edad de plata*. Barcelona: Tusquets.
- (2000): *Variaciones sobre el pájaro y la red. La piedra y el centro*. Barcelona: Tusquets.
- VVAA. (2000): *Historia social de la literatura española*. Vigo: Vol. II.
- MÉNDEZ FERRÍN, X. L. (1990): *De Pondal a Novoneyra*. Vigo: Xerais.
- VILAVEDRA, Dolores (1999): *Historia da literatura galega*. Vigo: Galaxia.
- VVAA. (1996): *Historia da literatura galega*. Vigo: A Nosa Terra.
- Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. A Coruña: Instituto da Lingua Galega e Real Academia Galega.
- PIMENTEL, Luís (1983): *Sombra do aire na herba*. Vigo: Galaxia.
- Lírica trobadoresca galego-portuguesa medieval. Cantigas de escarnho e maldizer. Antoloxía*. Manuel Ferreiro e Carlos Paulo M. Pereiro. Vigo: A Nosa Terra. 1996. (De aquí sacouse o texto da *Arte de trovar*).